

A tristeza como arte


A CHOIVA DO MUNDO

Xosé M. Pacho Blanco

Galaxia | 2008 | 244 páxinas

O texto que se fixo co Premio de Narrativa Torrente Balles-ter en 2007 resulta difícil de clasificar. Dado que o galardón se lle concede a unha obra narrativa sen que se especifique máis o sub-xénero, non será este o lugar no que se lle apoñan outras etiquetas. Predomina o fragmentarismo ao presentárenos un conxunto de relatos esgazados, parciais ou que se centran nalgún aspecto marxinal do que se intúe que é a historia principal. Desde logo existe unha vocación de unidade se atendemos á numeración que secuencia cada un dos textos, ao marco co que se abre o libro e aos apéndice. Tamén á ambientación e estrutura de cada un dos relatos. A obra pretende ser unha mestizaxe de diferentes disciplinas artísticas, ou modalidades de narración contemporáneas, vistas dende a perspectiva do espectador, mais sobre todo desde a do creador. Literatura, cine, banda deseñada, teatro, tradución, xornalismo e música fornecen historias, personaxes e recursos ao longo do libro. Estamos perante unha obra en construción na que aínda ten máis importancia o esbozo no plano que o que será o resultado final. Neste senso, a figura dos narradores implícitos, dos editores, o xogo constante entre un narrador masculino e a que se denomina como “segunda narradora”, as apelacións continuas ao lector ou as introducións, comentarios e notas dos autores ocupan moitas liñas do texto.

Nesta heteroxeneidade artística prevalece a mestura e confusión xenérica. O que comeza sendo unha selección de textos xa publicados, se cremos o que di o narrador-editor na introdución, remata baixo o formato dun filme. O peche consti-



túeno uns “Títulos de crédito”, un “Reparto por orde alfabética” que aglutina os nomes de todos os personaxes que foron aparecendo, e unha “Banda sonora”.

A esta multidisciplinarietàedade súmaselle outro dipo de diversidade: a vocación globalizadora e cosmopolita. Os escenarios repártense entre Berlín, París, Nova York, Barcelona... e Galicia. Mais agora, estes puntos clave de Occidente non deixan de ser espazos comúns para os galegos, xa que a xeira da deslocalización abriu de vez as fronteiras territoriais. As identidades son entes móbiles que acompañan as persoas nas súas viaxes, de aí que un dos centros dos que emanan os fragmentos textuais que compoñen esta obra sexa Nova York, cidade na que cristalizaron proxectos comúns aos supostos autores dos relatos, tal e como se indica no texto-marco.

Xógase tamén coa bagaxe cultural do receptor. Mestúranse ludiamente autores e medios reais con autores e medios ficticios, poñendo, en ocasións, en serios apretos ao lector. Cítase así un suposto diario de Kafka que coñeceríamos grazas a Vicente Risco, renóvase o mito de Hamlet a mans dun galego afinado en Irlanda, lemos textos asinados por un novo (ou non) Arístides Silveira ou, de acreditar no narrador, accedemos a relatos

de autores vinculados á revista *Poetry*.

Ademais da relevancia temática e compositiva das metalinguaxes artísticas, outro elemento común é a tristeza. Non se trata dun pesimismo esnaquizante senón dun sentimento de saudade ontolóxica que desvela a natureza galega do texto e o narrador, ao mesmo tempo que establece unha sorte de irmandade emocional con outros pobos. A tristeza, ademais, sería un factor intimamente relacionado coa contemporaneidade de certas situacións sociais un tanto antagónicas: o illamento que disfraz a comunicación dixital e desarraigamento que conleva a mobilidade continuada. Así se manifesta na introdución, así se recolle no título e así o ilustran as pezas da banda sonora que pecha a obra. Desta maneira, as referencias culturais pónense ao servizo da sensualidade e do lirismo. A choiva recorrente, o dominio da gama dos grises e a musicalidade acompañannos ao longo do libro a ritmo de bossa-nova ou da melancolía das verbas de Silvio Rodríguez, Mercedes Sosa ou Aute.

Heteroxeneidade, pluridiscursividade, metaliteratura, fragmentarismo, culturalismo, ludismo... constitúen, claramente, as metas que se marca Pacho Blanco na súa primeira achega, adornados cunha fonda elaboración estilística. A pexa é que ás veces se resente demasiado o ritmo, o marco estrutural resulta en ocasións un tanto feble, e os excesos na pescuda formal, nas reflexións filosóficas e nas referencias metaliterarias poden cansar o lector, xa que en ocasións dan demasiadas voltas sobre si mesmas ata agochar o fio da historia e mergullar o lector en nobelos que non sempre lle interesan. En definitiva, os materiais son bos, pero a extensión fai que desluza o resultado. Con todo, é unha aposta valente e unha nova pluma interesante no panorama literario galego ■ **Inmaculada Otero Varela**